
O PIRATA PATA DE LATA

Texto de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de RAMÓN TRIGO

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

O pirata Pata de Lata (galego)

ISBN 978-84-8464-679-2. Demademora.

El pirata Pata de Lata (castelán)

ISBN 978-84-96388-73-4. Libros para soñar.

O pirata Pata de Lata (portugués)

ISBN 978-989-8205-45-2. Livros para sonhar.

A este feroz pirata chámanlle Pata de Lata.

Non é torto nin birollo, mais leva un parche nun ollo.



Leva tamén unha espada, algo vella e moi fanada...

Chegan novas de que “O pirata Pata de Lata” deixa o seu retiro e volve á carga con enerxías renovadas, tratando de incordiar a cantos atope ao seu paso, sexan de carne e óso, ou simples espíritos. Porque o ancho mar xa non é o que era e a este bucaneiro revoltoso resúltalle cada vez máis complicado dar cun contrincante á altura das boas pelexas de antano, sable en ristre. Os soños resultan ser o mellor refuxio onde dar renda solta ás súas ansias belicosas: durmir ‘a pata de lata’ solta proporciónalle momentos de gloria, imaxinando múltiples batallas nas que, curiosamente, el sempre resulta vencedor.

Un relato para primeiros lectores, divertido e enxeñoso.

Os seus versos evocan un mundo mítico e transportan o público aos escenarios onde transcorren as rimas de Espronceda ou as aventuras de “A illa do tesouro” de Stevenson.

As ilustracións, que mesturan a técnica do collage con materiais como tinta e acuarela, contribúen a crear esa atmosfera intrépida e exótica.



-
- **Temática:** relato rimado sobre as aventuras dun pirata.
 - **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
 - **Aspectos destacables:** texto rimado; humor; recreación do estereotipo do pirata; do autor de “Once damas atrevidas”, “Os ratos da casa” (Kalandraka) e “Artur” (Faktoría K); do autor e ilustrador de “Leviatán” (Faktoría K).
-

Xosé Manuel González 'Oli'

(Cangas, 1960)

Profesor de Educación Infantil, escritor e especialista en literatura infantil. Entre outros títulos, tamén é autor dos libros titulados “Once damas atrevidas”, “Os ratos da casa” (KALANDRAKA, onde co-dirixe a colección Sete Leguas) e “Artur” (FAKTORÍA K). Colaborou con outras editoriais como Xerais e Ir Indo. <http://oslibrosdeoli.com>

Ramón Trigo

(Vigo, 1965)

De formación autodidacta, iniciou a súa traxectoria artística como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan da década de 1980; dende entón ilustra libros para varias editoriais e realiza exposicións, ademais da súa faceta como escultor. A súa obra presentouse en Alemaña, Bélxica, Lituania, Italia e Portugal. Foi incluído na selección The White Ravens. Entre os galardóns que recibiu figuran o Premio Arte Xoven Galego, os premios de álbum ilustrado infantil Cidade de Alacante e Cabildo de Gran Canaria, o Premio Lazarillo e o Premio Isaac Díaz Pardo.

<http://www.ramontrigo.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
